

Servizo de EDUCACIÓN

CONCELLERÍA DE  
EDUCACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente 97479/332

**Asunto: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA MARTA – PRAZA DA INDUSTRIA (CAMIÑO DO CHOUZO nº 2)**

## MEMORIA XUSTIFICATIVA.

### 1.- OBXECTO DO CONTRATO.

O **obxecto** do contrato é a adquisición de mobiliario e elementos accesorios de aulas, despachos e outras dependencias, e de mobiliario de cociña e despensa, así coma dos electrodomésticos necesarios, para a posta en funcionamento da ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA MARTA – PRAZA DA INDUSTRIA, sita no Camiño do Chouzo número 2, coas características que se indican no Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP).

A subministración do mobiliario, accesorios e electrodomésticos incluírá a entrega e instalación de todo o equipamento que deberá quedar totalmente instalado e preparado para o seu uso.

#### División en lotes.

Estabéllese dous lotes tendo en conta a función e características técnicas dos elementos a subministrar:

- Lote 1 mobiliario, accesorios e elementos de aulas e despachos .
- Lote 2 mobiliario de cociña e despensa, e electrodomésticos.

Non se limita o número de lotes para os que cada licitador pode presentar oferta, nin o número de lotes que poden adxudicarse a cada licitador. Non se admiten ofertas combinadas.

### 2.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN.

O contrato, polo seu obxecto, será de subministración, segundo o previsto no artigo 16 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Tendo en conta o obxecto do contrato e o seu importe propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de **procedemento aberto simplificado abreviado** de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP e a súa forma de tramitación ordinaria.

### 3.- PRAZO DE EXECUCIÓN.

De conformidade co establecido no artigo 29 da LCSP, o prazo de execución establécese tendo en conta a natureza da prestación, as características do financiamento e a necesidade de someter a concorrência o mesmo. Fíxase un prazo de execución de CATRO MESES para a subministración e instalación do mobiliario, accesorios e electrodomésticos relacionados no PPT.

Tendo en conta que moitas das fábricas e empresas subministradoras dos elementos obxecto do contrato pechan durante o mes de agosto non se computará este mes dentro do prazo de execución de ser o caso.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2024 13:13	Páxina 1 de 4
97479-332	CSV: A2AB5B-BD345B-ABA9B6-ACUG7E-ZEPHSF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Xustificación do prazo de execución do contratos:** En consideración ao tipo de mobiliario, elementos e electrodomésticos obxecto do contrato fíxase un prazo de execución que se estima suficiente para que o contratista entregue e instale o subministro contratado.

#### 4. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA QUE DEBERÁ ACREDITAR O LICITADOR.

De conformidade coa letra b do artigo 159.6 da Lei 9/2017, exímese aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

Unicamente esixírase aos licitadores que se presenten que estean inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Oficial da Comunidade Autónoma correspondente, en conformidade co estipulado na letra a do artigo 159.4 da Lei 9/2017.

#### 5.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN.

O servizo xestor valora non só a oferta que conteña un prezo máis baixo senón que ten en conta outros aspectos tales como o prazo de garantía dos elementos a subministrar, establécense os seguintes criterios avaliábel a través de fórmula:

##### 5.1.- Redución do prezo do contrato: valorarase con ata **90 (noventa) puntos**

O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de **90 puntos**.

Outorgarase a máxima puntuación ao licitador que propoña o menor prezo e 0 puntos ao licitador que non propoña ningunha redución do prezo; as restantes proposicións valoraranse aplicando a regra proporcional.

##### 5.2.- Incremento do prazo de garantía dos elementos a subministrar: valorarase con ata **10 (dez) puntos**

Incremento anual do prazo de garantía dos elementos a subministrar a maiores dos 3 anos que se recollen no apartado 6 do PPT.

Valorarase con 2 puntos cada ano a máis dos tres anos esixidos no prazo de garantía dos elementos ofertados, **ata un máximo de 10 puntos**.

**Xustificación criterios de adxudicación mediante fórmula:** O prazo de garantía é un criterio importante a ter en conta toda vez que os elementos que se pretenden adquirir nesta contratación soportan un uso intensivo, o que fai conveniente que estes elementos contén cun axeitado prazo de garantía. Os criterios propostos para o presente expediente están directamente vinculados ao obxecto, as características e a natureza do contrato, e buscan avaliar as ofertas realizadas para seleccionar a que presente a mellor relación calidade/prezo.

#### 6.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa en porcentaxe. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2024 13:13	Páxina 2 de 4
97479-332	CSV: A2AB5B-BD345B-ABA9B6-ACUG7E-ZEPHSF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de EDUCACIÓN

CONCELLERÍA DE  
EDUCACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente 97479/332

- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor da baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

### 7.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, óptase neste contrato por establecer condicións especiais de execución de tipo medioambiental. Desta maneira as condicións especiais de execución están directamente relacionadas co obxecto de contratación e son axeitadas ao obxecto do contrato, non son discriminatorias e axústanse ao Dereito da Unión Europea.

En concreto, propónse a seguinte condición especial de execución de carácter medioambiental:

- Excepto para os residuos perigosos, para os que o contratista deberá seguir o protocolo legalmente establecido), para o resto de residuos xerados no subministro e instalación de elementos obxecto do contrato (tales como envoltorios, papel, cartón, etc...) deberán ser minimizados na medida do posible; o contratista deberá segregarlos depositándoos nos colectores de reciclaxe específicos.

Para acreditar esta condición o contratista terá que presentar declaración responsable onde manifeste de forma clara e expresa, o compromiso de cumprir as condicións establecidas nesta cláusula ou, cando proceda, certificación do órgano competente.

**Xustificación:** A elección destes criterios débese a que son os que mellor se relacionan co obxecto do contrato, tendo en conta que o mesmo implica o emprego de numerosos envoltorios.

### 8.- PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo de garantía será o que o contratista indique na súa oferta e, en calquera caso, dada a natureza dos materiais a subministrar establécese un período de garantía mínimo de tres anos. No caso de que durante o período de garantía os materiais subministrados sufrisen deterioro, o contratista procederá a súa substitución sendo a súa costa tanto os custos da substitución como dos posibles prexuízos ocasionados.

### 9.- SUBCONTRATACIÓN.

Admítese a subcontratación. Non se reservan tarefas críticas.

### 10.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Non están previstas modificacións do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2024 13:13	Páxina 3 de 4
97479-332	CSV: A2AB5B-BD345B-ABA9B6-ACUG7E-ZEPHSF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**11.- RESPONSABLE DO CONTRATO.**

A responsable do contrato será a xefa do Servizo de Educación.

**12.- SEGURO.**

Non se esixe.

**13.- LUGAR DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.**

A entrega e instalación dos artigos que compoñen o obxecto deste contrato de subministración será realizada nas instalacións da Escola Infantil Municipal Santa Marta – Praza da Industria, sita no Camiño do Chouzo número 2.

**14. DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO.**

A data prevista para o inicio é o **15 de xullo de 2024.**

**15.- CESIÓN DE DATOS AO ADXUDICATARIO.**

Non se ceden datos de carácter persoal.

**16.- CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL.**

Non.

**17.- OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA REDACCIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES.**

Todos os produtos obxecto da subministración axustaranse ao prescrito nas normas sobre calidade e seguridade que lles sexan de aplicación.

**18.- DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES.**

Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación con este expediente nos termos da resolución aprobada pola concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Asemade, a concelleira delegada de Educación e a concelleira da Área de Goberno de Educación subscriben declaración de non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Educación, María José Loureiro Bada

Conforme: a concelleira delegada de Educación: María Olga Alonso Suárez

Conforme: a concelleira delegada da Área de Goberno, Elena Espinosa Mangana



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2024 13:13	Páxina 4 de 4
97479-332	CSV: A2AB5B-BD345B-ABA9B6-ACUG7E-ZEPHSF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		